

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E RECUPERACIÓN 3º PDC

Para a avaliación teranse en conta tres aspectos como son o traballo e actitude na aula, os traballos encomendados tanto de carácter escrito como oral e o exame escrito. As porcentaxes asignadas a cada aspecto son as seguintes: traballo na clase (realización das tarefas, respecto e tolerancia cara a materia e cara os membros da comunidade educativa alí presentes e traer o material necesario) 20%; traballos escritos (murais, póster, informes, redaccións...) e exposicións orais suporán o 20% e, finalmente, os exames (probos orais e escritas de preguntas a desenvolver, relacionar, completar ou tipo test) o 60%. Nas probas escritas, sempre se especificará o valor de cada pregunta e farase a media aritmética das probas que se realizaron por avaliación. No tocante aos traballos, estableceranse rúbricas que describen diferentes niveis de calidade dunha tarefa. Para a súa cualificación, considerarase a media en base aos parámetros determinados, que son: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular ou inadecuado 4.

Unha vez realizadas as operacións, aplicarase o redondeo tendo en conta que cando o decimal sexa superior a 5 o redondeo irá á alza e, pola contra, se é inferior, irá á baixa. O ámbito cualificarase de forma numérica en números enteiros nunha escala de 1 ao 10. A avaliación estará aprobada cando a cualificación sexa 5 ou superior. Se o docente observa que o alumno ou alumna aprobou a avaliación pero ten algunha parte ou tema pouco afianzado, poderá poñerlle algún traballo de reforzo. No caso de o/a alumno/a que non aprobe, será avaliado segundo o indicado nos criterios de recuperación.

En canto á avaliación final de curso calcularase facendo a media aritmética das tres avaliacións.

O alumno ou alumna que non chegue a 5 terá que presentarse a unha proba dos contidos das tres avaliacións en xuño. Consistirá nun exame final no que se avaliarán todos os criterios de avaliación de todas as unidades didácticas. Novamente, a cualificación deberá ser superior a 5 nunha escala de 1-10 para ter o ámbito aprobado.

Farase unha proba escrita de recuperación por trimestre que se cualificará nunha escala de 1 a 10 (especificando en cada pregunta o seu valor) e o traballo entregado que será puntuado seguindo as rúbricas: excelente 10; ben 7; regular 5; moi regular ou inadecuado 4, calculando logo a media. Para calcular a nota da recuperación considerarase : 60% das probas escritas e 40% dos traballos

Levarase a cabo un redondeo da cualificación e este será á alza ou á baixa segundo o traballo e actitude o alumnado. Tamén poderá aplicarse (de terse en conta tamén a actitude e esforzo do/da alumno/a) a fórmula segundo a ponderación: 20% actitude, 20% traballo de recuperación e 60% proba escrita. A avaliación recuperarase cando a cualificación é superior a 5.

Todo o traballo será supervisado polo docente e este estará en disposición de realizar as aclaracións e correccións que sexan pertinentes para promover unha recuperación positiva.

No caso de que non se recupere a avaliación, o alumnado poderá someterse a outra recuperación cando o docente o considere pertinente consistente na realización dun exame escrito puntuado nunha escala de 1 a 10 e sobre as preguntas mandadas realizar polo/a profesor/a no inicio do plan de recuperación, non tendo que presentar o traballo se este xa foi entregado e valorado positivamente, en caso contrario, si debe acompañalo de novo.